



## PROXECTO COLECTIVO

# “MELLORA DA COXESTIÓN DOS RECURSOS BIOLÓXICOS MARIÑOS E DO SEU ESTADO MEDIOAMBIENTAL 2023-2024”

**Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% e a  
Comunidade Autónoma nun 30%.**

**Programa para España 2021-2027**

**Prioridade 1, O.E. 1.1. OIX: D.X. Desenvolvemento  
Pesqueiro**

**Período de execución 01 de xullo de 2023 – 30 de xuño de 2024.**

O proxecto “Mellora da co-xestión dos recursos biolóxicos mariños e do seu estado medioambiental 2023-2024” presentado pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores en novembro de 2023 ao abeiro da Orde do 18 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable (código de procedemento PE209P), con resolución de concesión dunha axuda pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro en decembro de 2023, encadrábase no apartado 1 do artigo 6. Proxectos obxecto de subvención da Orde reguladora, e establecíase como **obxectivos**:

- **Principais:** Mellora da xestión técnica dos recursos mariños explotados e os hábitats costeiros da Comunidade Autónoma de Galicia que aumenten a súa sustentabilidade a longo prazo.

Orientación para o aumento da toma de conciencia por parte do sector sobre a explotación responsábel e sostíbel dos recursos e a necesidade de xestión responsábel dos mesmos.

- **Específicos:** Asesoramento e seguimento técnico.

Asesoramento, información, formación e reciclaxe ao sector.

Seguimento das zonas de interese mariño para o sector.

Sensibilización medioambiental/Protección dos ecosistemas.

Os **resultados** obtidos pola execución das actividades explicadas na memoria técnica do Proxecto, foron satisfactorios en canto ao cumprimento dos seus obxectivos principais e específicos xa que no período no que se desenvolveu foi posíbel aumentar a sustentabilidade a longo prazo dos recursos mariños e tamén a conciencia por parte do sector sobre a importancia dunha explotación responsábel e sostíbel dos recursos.

Actividades executadas	Resultados
1.1	Normativa actualizada sobre a xestión do polbo ( <i>Octopus vulgaris</i> ). Avaliación sobre o estado dos recursos. Apoio con informes técnicos ás propostas do sector.
1.2	Normativa actualizada sobre a xestión de centola ( <i>Maja brachydactyla</i> ) e boi ( <i>Cancer pagurus</i> ).

	Avaliación sobre o estado dos recurso. Apoio con informes técnicos ás propostas do sector.
1.3	Normativa actualizada sobre a xestión de nécora ( <i>Necora puber</i> ) e camarón ( <i>Palaemon spp.</i> ). Avaliación sobre o estado dos recurso. Apoio con informes técnicos ás propostas do sector.
1.4	Normativa actualizada sobre a xestión da sardiña ( <i>Sardina pilchardus</i> ). Avaliación sobre o estado dos recurso. Apoio con informes técnicos ás propostas do sector. Divulgación de contidos relacionados co recurso, resolución de dúbidas e consultas do sector.
1.5	Mellora participativa e de información. Avaliación sobre o estado dos recursos. Apoio con informes técnicos ás propostas do sector. Divulgación de contidos relacionados co recurso, resolución de dúbidas e consultas do sector.
1.6	Avaliación sobre o estado dos recursos. Apoio con informes técnicos ás propostas do sector.
1.7	Mellora participativa e de información. Avaliación sobre o estado dos recursos. Informes de impacto do sistema TACs e cotas na frota artesanal de Galicia. Mellora da xestión de xarda ( <i>Scomber scombrus</i> ) no ámbito galego. Procura de alternativas para o sector artesanal da pesca. Divulgación de contidos relacionados co recurso, resolución de dúbidas e consultas do sector.
1.8	Mellora participativa e de información. Avaliación sobre o estado dos recursos. Divulgación de contidos, resolución de dúbidas e consultas do sector.
1.9	Mellora participativa e de información. Avaliación sobre o estado dos recursos. Divulgación de contidos relacionados co recurso, resolución de dúbidas e consultas do sector.
1.10	Mellora participativa e de información. Avaliación sobre o estado dos recursos. Divulgación de contidos relacionados co recurso, resolución de dúbidas e consultas do sector.
2.1	Documentación e información sobre os recursos nas reunións. Actualización da información e normativa. Mellora da vixilancia no sector pesqueiro e marisqueiro. Mellora do coñecemento sobre o medio mariño e a pesca dende un punto de vista de conservación e sustentabilidade.
2.2	Divulgación e concienciación sobre os problemas medioambientais na pesca e no mar. Documentación e información sobre os recursos nas reunións. Actualización da información e normativa. Mellora da vixilancia no sector pesqueiro e marisqueiro. Mellora do coñecemento sobre o medio mariño e a pesca dende un punto de vista de

	conservación e sustentabilidade.
2.3	Mellora do coñecemento sobre o medio mariño e a pesca dende un punto de vista de conservación e sustentabilidade. Divulgación e concienciación sobre os problemas medioambientais na pesca e no mar. Documentación e información sobre os recursos nas reunións. Actualización da información e normativa
2.4	Mellora do coñecemento sobre o medio mariño e a pesca dende un punto de vista de conservación e sustentabilidade.

O **orçamento** total do Proxecto foi de 25.693,74€ repartidos en 12.846,87€ na anualidade 2023 e 12.846,87€ na anualidade 2024.

A **financiación** proveu nun **70% do Fondo europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)** dentro da súa prioridade 1: Fomentar a pesca sustentable e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos; obxectivo específico 1.1: Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables; tipo de actividade 1.1.1-Xestión sustentable dos recursos pesqueiros; e nun **30 % por fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia**.